



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Tecnoloxías da información e a comunicación en educación		Código	652G01005
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Fernandez Prieto, Marta	Correo electrónico	marta.prieto1@udc.es	
Profesorado	Fernandez Prieto, Marta	Correo electrónico	marta.prieto1@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/login/index.php			
Descrición xeral	<p>A materia de Tecnoloxías da información e a comunicación en educación forma parte do plan de estudos do grado en Educación Infantil, se cursa no primeiro curso e é unha materia de Formación básica de 6 créditos ECTS.</p> <p>Os estudos conducentes ao Grado en Educación Infantil teñen como principal fin dotar aos futuros mestres das competencias necesarias para desenvolver a actividade docente nos niveis educativos de 0 a 6 anos. Entre as funcións centrais na actividade docente está o deseño e desenvolvemento dun curriculum que permita o desenrolo integral dos nenos e nenas das etapas da Educación Infantil e que responda a unha serie de principios xerais relacionados cunha educación democrática, inclusiva e preocupada pola xustiza social.</p> <p>Como elementos clave do curriculum sobre o que o futuro mestre deberá tomar decisións están os medios e recursos didácticos que permitirán o traballo dos contidos do curriculum e contribuirán a consecución dos fins educativos buscados.</p> <p>A materia de Tecnoloxías da información e a comunicación en educación dotará os futuros mestres coas competencias necesarias para poder analizar, avaliar, seleccionar, utilizar e crear recursos baseados nas tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Na sociedade actual, definida como sociedade da información, a xeración, procesamento, manipulación e transmisión de información gracias as TIC son agora as actividades centrais e as principais fonte de produtividade e poder. A escola debe responder aos avances tecnolóxicos tendo en conta que a mera introdución das novas tecnoloxías no curriculum non implica a mellora da calidade da educación, sendo posible seguir reproducindo formas tradicionais de ensinanza pero con novos medios. É por isto necesario unha reflexión previa sobre os fins buscados, os cales deberán encamiñarse a formar a futuros cidadáns con capacidade para analizar de forma crítica a información transmitida a través das TIC, con capacidade para crear información mediante as TIC, con capacidade para aprender a aprender e comprometidos coa defensa da xustiza social.</p> <p>Dende unha postura crítica ante as novas tecnoloxías o docente deberá, por unha banda, guiar o estudante na súa construción do coñecemento, contribuíndo a súa vez a que se converta en intérprete crítico dese coñecemento. Ademais o docente deberá ser consciente da non neutralidade da tecnoloxía e dos intereses que se atopan tras todo avance tecnolóxico, analizando, por exemplo, o papel das novas tecnoloxías no aumento ou diminución das desigualdades sociais. Por outra banda o docente deberá utilizar estes recursos tecnolóxicos para favorecer a investigación da súa propia práctica levando a cabo procesos de investigación-acción que favorezan a mellora da súa labor docente.</p> <p>A materia de Tecnoloxías da información e a comunicación en educación asignada a área de Didáctica e Organización escolar se relaciona con outras materias do primeiro curso do plan de estudos como poden ser Deseño, desenvolvemento e avalización do curriculum, Socioloxía da educación ou Valores e educación para a igualdade.</p>			



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Capacidade para comprender e analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade e na educación desenvolvendo un compromiso ético co papel liberador das novas tecnoloxías fronte o seu posible papel opresor.	A13 A41	B3 B6 B25	C3 C4 C6 C8
Capacidade para preparar, seleccionar, avaliar, crear e construír materiais didácticos coas TIC para o traballo das distintas áreas do curriculum da Educación Infantil e tendo en conta principios educativos como a educación democrática e inclusiva e a preocupación pola xustiza social.	A1 A5 A25 A29 A30 A41 A57 A62	B2 B3 B4 B5 B10 B11 B12 B17 B19 B22 B25	C1 C3
Capacidade de emprego das TIC como ferramentas que, adecuadamente integradas no curriculum, poden contribuir a mellora da formación docente, da calidade do ensino nos niveis da educación infantil e que poden favorecer os procesos de construción do coñecemento por parte dos estudantes.	A21 A25 A28 A41 A62 A63 A64	B1 B7 B9 B14 B15 B25	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. TECNOLOXÍAS, SOCIEDADE E EDUCACIÓN: CENTROS EDUCATIVOS E A INTEGRACIÓN DAS TIC	<ul style="list-style-type: none"> - Globalización e tecnoloxías da información e comunicación (TIC) en educación infantil. Aspectos sociais e educativos e a súa influencia na formación do profesorado. - TIC, contidos e centros de educación infantil: plans, programas, proxectos e leis para traballar coas TIC.
2. CENTROS E PROFESORES DE EDUCACIÓN INFANTIL FRENTE Á REDE. USO, DESEÑO, PREPARACIÓN E USO DAS TECNOLOXÍAS NOS CENTROS.	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño de proxectos educativos con Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Planificación de contidos, metodoloxías e actividades para ciclos e áreas de coñecemento. - Ambientes virtuais, materiais e ferramentas como recursos didácticos para a comunidade educativa dos centros de Educación Infantil.
3. PROXECTOS DE REDES INTERCENTRO. PROPOSTAS INNOVADORAS	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos en liña para a aprendizaxe colaborativa e cooperativa entre centros educativos. O traballo entre os centros de Educación Infantil no uso compartido das TIC. - Novos escenarios educativos en novos espazos de formación e aprendizaxe.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A13 A21	21	6	27
Traballos tutelados	A21 A25 A28 A29 A30 A41 B1 B7 B9 B10 B11 B25 C3 C8	6	25	31
Aprendizaxe colaborativa	A5 A29 A41 A63 A64 B2 B5 B6 B14 C4 C7	4	21	25
Prácticas a través de TIC	A57 A62 B4 B25 C3 C6	4	15	19
Proba oral	B3 B10 B11 B12 B17 B19 C1	1	5	6
Análise de fontes documentais	A1 A13 A62 B1 B3 B4 B9 B11 B17 B22 C4 C6 C8	3	19	22
Proba de ensaio	A13 A57 B3 B10 B11 B17 C8	1	5	6
Presentación oral	A30 A41 B7 B9 B10 B12 B15 B17 B19 B22 B25 C1 C3	4	8	12
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Traballos tutelados	<p>Aoredor dos diferentes temas, proporase a realización dun proxecto con diferentes tarefas en pequenos grupos baseado en prácticas a través das TIC. Estas actividades comezarán na aula e deberán completarse a través do traballo autónomo dos alumnos, seguindo as indicacións que proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos.</p> <p>Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia como outros complementarios. Basearase no traballo con diferentes recursos en liña, con diferentes programas de software libre e ferramentas dixitais. Finalmente, a través da presentación na aula, cada grupo compartirá o traballo feito cos outros grupos.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Asesoramiento personalizado para el desarrollo de los debates y para el trabajo colaborativo y cooperativo; para el reparto de tareas por grupos; para la motivación en la cooperación de los grupos y orientación en las discusiones dirigidas que surgen de los debates en grupo.</p>
Prácticas a través de TIC	<p>Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.</p>
Proba oral	<p>Busca responder, oralmente, a preguntas curtas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionarse, etc.), a creatividade e o espírito crítico. Permite medir habilidades como a capacidade de crítica, síntese, comparación, elaboración e orixinalidade dos estudantes e do seu traballo.</p> <p>Nesta materia a Proba Oral consistirá na exposición final dos Traballos Tutelados.</p>



Análise de fontes documentais	Estudo de documentos audiovisuais e / ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para o tema con análises concretas e máis complexas sobre TIC e educación Infantil e o tema de estudo en traballos tutelados.
Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. Nesta materia utilizarase para avaliar o recollido nas Fontes Documentais
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na presentación verbal das tarefas a realizar ao longo da materia, formulando preguntas, aclarando e presentando temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Traballos tutelados Prácticas a través de TIC	A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial e non presencial co profesor, Corresponde coa atención e seguimento do traballo realizado por cada grupo na realización da proposta educativa e na preparación da presentación oral da mesma. No modelo de Continxencia xa indicárase as normas e as formas de atención personalizada na docencia híbrida da materia. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia. Segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC? (Art.3.b e 4.5) e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b), se recolle nesta Guías docente de maneira específica as medidas de dedicación para o ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia?.as metodoloxías (dinámicas de traballo) que se desenvolverán con este alumnado para o estudo da materia serán a tutorización exclusiva acerca de cualquier contido da materia en horarios adaptados a súa situación.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A21 A25 A28 A29 A30 A41 B1 B7 B9 B10 B11 B25 C3 C8	Avaliación grupal. Obrigatorio Avaliarase o contido de todas as tarefas a realizar e da proposta educativa: - A profundidade do contido (15). - O dominio das aplicacións empregadas ao longo do proxecto (10). - O tratamento dunha linguaxe específica ou adaptada ao contexto do proxecto (10). - O emprego de fontes documentais complementarias e actuais (10). - A orixinalidade da proposta (15).	70



Proba oral	B3 B10 B11 B12 B17 B19 C1	Avaliación grupal. Obrigatorio Valorarase a exposición do traballo supervisado, tanto ao longo do curso como na proba final: - claridade da presentación. Distribución de tempos (5). - capacidade de síntese (5). - Capacidade para comparar e relacionarse con fontes documentais (5). - orixinalidade na presentación (5).	20
Proba de ensaio	A13 A57 B3 B10 B11 B17 C8	PROBA OPCIONAL. INDIVIDUAL. VOLUNTARIA. NON OBRIGATORIA. Proba escrita na data de exame. A proba será a través dunha serie de preguntas abertas e de desenvolvemento sobre as fontes documentais das fichas de catalogación -elixidas e presentadas polos estudantes á profesora na data indicada. As preguntas estarán tamén excedían nos seus Traballos Tutelados. Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación sumativa. Permite medir as habilidades como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	10

Observacións avaliación

1. Tanto para a primeira como para a segunda oportunidade de avaliación os criterios serán os mesmos.
2. Os estudantes a tempo parcial poden solicitar aos decanos / directores dos centros responsables da súa titulación ou aos coordinadores dos másteres, se é o caso, a dispensación académica que os exixe de asistir á clase desas materias ou partes das materias nas que admítense a mencionada dispensa na súa guía docente; non obstante, en calquera caso, serán avaliados polo sistema de avaliación continua. Neste caso se adaptarán horarios para titorías e probas de avaliación continua e final a cada un dos estudantes con dispensa.
3. "A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario". (PUNTOS 1 E 3 DO ARTIGO 14 DAS NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DOS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO) (NARRC)
4. Os Traballos Tutelados faranse en grupos de tres personas, traballando na aula. Para iso é imprescindible a asistencia a clase, polo que dúas faltas sin xustificar resta 1 punto na avaliación final.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Legislación Xunta de Galicia Currículum Oficial Educación Infantil http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/file/2010/05/26/lexislacion_da_educacion_infantil_en_galicia.pdfREVISTA AULA DE INFANTIL. https://www.grao.com/revistas/revista-aula-infantil/REVISTA PIXEL BIT. https://recyt.fecyt.es/index.php/pixel/indexREVISTA CUADERNOS DE PEDAGOGÍA. https://www.cuadernosdepedagogia.com/REVISTA COMUNICAR. https://www.revistacomunicar.com/REVISTA GALEGA DO ENSINO EDUGA. https://www.edu.xunta.gal/eduga/SCHOOL EDUCATION GATEWAY. https://www.schooleducationgateway.eu/es/pub/index.htmREVISTA MAGISTERIO INFANTIL. https://www.magisnet.com/category/escuelainfantil/CASA DEL LIBRO. INFANTIL. https://www.casadellibro.com/mas-vendidos-socios-infantilREVISTA DE INNOVACIÓN EDUCATIVA. REEDUCA. https://www.rededuca.net/revista-innovacion-educativaMarta FernándezUniversidade da Coruña</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - GIMÉNEZ-DASÍ, MARTA (2017). PENSANDO LAS EMOCIONES CON ATENCIÓN PLENA. PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PARA EDUCACIÓN INFANTIL. PIRÁMIDE - QUINTAS HIJÓS, ALEJANDRO (2020). TEORÍA EDUCATIVA SOBRE TECNOLOGÍA, JUEGO Y RECURSOS EN DIDÁCTICA DE LA EDUCACIÓN INFANTIL . - QUINTAS HIJÓS, ALEJANDRO (). INCLUSIÓN EDUCATIVA Y TECNOLOGÍAS PARA EL APRENDIZAJE . OCTAEDRO - LILIANA WAILDER , VV.AA. (2022). INTEGRACIÓN DE LAS TIC EN LA EDUCACIÓN INFANTIL. NOVEDADES EDUCATIVAS - ROSALÍA ROMERO TENA Y OTROS (2018). INNOVACIÓN Y TECNOLOGÍA EN EDUCACIÓN INFANTIL. UNIVERSIDAD DE SEVILLA

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1. Requírese ordenador, tablet y/o portátil con conexión na aula.2.Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase dos estudantes e valores de respecto e igualdade.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías